



DEPUTACIÓN PROVINCIAL  
A CORUÑA

SERVIZO DE PATRIMONIO E CONTRATACIÓN



Ayuntamiento de A Coruña  
Concello da Coruña

Número 53 /2022

## **CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN DA CORUÑA E O CONCELLO DA CORUÑA PARA A AUTORIZACIÓN DE UTILIZACIÓN DO POLIDEPORTIVO DO I.E.S RAFAEL PUGA RAMÓN PARA O DESENVOLVEMENTO DE ACTIVIDADES DEPORTIVAS MUNICIPAIS.**

A Coruña, 4 de xullo de 2022

Ante mi, Amparo Taboada Gil, Secretaria General de la Diputación Provincial de A Coruña, como fedataria actuante.

### **REUNIDOS**

Dunha parte, Don Valentín González Formoso, en calidade de presidente da Deputación Provincial da Coruña, en representación da mesma e de conformidade coas atribucións que lle confire a Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local; e a Lei 5/1997, do 22 de xullo, da Administración local de Galicia.

Doutra parte, Dona Inés Rey García, alcaldesa-presidenta do Concello da Coruña, actuando en virtude das súas facultades, segundo o establecido na Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local; e na Lei 5/1997, do 22 de xullo, da Administración local de Galicia.

Os comparecentes interveñen en uso das facultades que, por razón dos seus cargos, teñen atribuídas e

### **EXPOÑEN**

A Deputación da Coruña é titular do instituto “Rafael Puga Ramón” na cidade da Coruña, que conta entre as súas instalacións cun pavillón polideportivo.

O Concello da Coruña, ao abeiro do previsto nos artigos 25.2.I) da lei 7/85, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, e art.8 da Lei 3/2012, de 2 de abril, o deporte de Galicia, desenvolve diversas actividades deportivas ao longo do termo municipal a través das Escolas Deportivas Municipais.

A maior parte destas actividades desenvólvense en instalacións deportivas de titularidade municipal, mais a situación provocada polo COVID-19 fai preciso aumentar os espazos deportivos, mellorando así a seguridade das persoas usuarias.

O pavillón polideportivo do instituto “Rafael Puga Ramón” utilízase durante o horario lectivo, polo que está dispoñible durante unha parte do día.

Tendo en conta o anterior, ambas as dúas institucións consideran de interese colaborar na utilización dos espazos polo que acordan asinar un convenio de colaboración coas seguintes

## **CLAÚSULAS**

### **PRIMEIRA.- Obxecto**

O presente convenio ten por obxecto regular a relación de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e o Concello da Coruña, por medio da cal a Deputación autoriza á utilización ao Concello do uso parcial do pavillón deportivo do I.E.S. Rafael Puga Ramón para o desenvolvemento de actividades deportivas.

### **SEGUNDA.- Descripción das instalacións.**

O IES “Rafael Puga Ramón” conta entre as súas instalación cun pavillón polideportivo cuberto que dispón de acceso independente dende a Avenida Enrique Salgado Torres.

A instalación ten unha pista de 997,47m<sup>2</sup> realizada co propio pavimento de soleira de formigón. Dispón de sinalización, con dimensións regulamentarias para a práctica de balonvolea, baloncesto, balonmán, fútbol sala e tenis. Actualmente, debido ao Covid19, no pavimento marcáronse cuadrículas de 2,00 x 2,00 para a práctica da clase de educación física dos alumnos do IES.

Dispón de porterías, canastras, marcador deportivo e cortina separadora de espazos. Para a práctica das actividades docentes realizadas dispón nas inmediacións da pista de numeroso equipamento como tatamis, bicicletas, colchonetas,...

Dispón de 2 zonas con dous banzos, situadas nun lateral da pista, e conta tamén con 2 vestiarios para equipos, un para árbitro/monitor, aseos e carto de instalación.

### **TERCEIRA.- Desenvolvemento das actividades.**

Corresponderá ao Concello da Coruña, con medios persoais propios ou contratados, a programación das actividades deportivas a desenvolver no pavillón obxecto do convenio.

O Concello terá que enviar unha proposta das actividades que ten previsto desenvolver no pavillón antes de ser usados polo Concello ou entidades seleccionadas polo mesmo, e terá que enviar ao Servizo de Educación da Deputación unha programación mensual das actividades a desenvolver.

Os horarios de uso das instalacións será o seguinte:

\* Pavillón do I.E.S. "Rafael Puga Ramón": de 18:30 a 00:00 horas, de luns a venres, salvo restriccións horarias que se determinen pola situación sanitaria, en que haberá que respetar as mesmas.

Na fin de semana sen limitación de horario, sempre que a actividade non resulte incompatible coas actividades do centro de ensino.

As entradas e saídas ao pavillón realizarase directamente desde a rúa ás instalacións deportivas, sen acceder a ningunha outra estancia do centro.

Non se poderá utilizar o material deportivo existente no pavillón, agás o imprescindible como son as canastras, porterías ou cortinas separadoras de pistas.

Os clubes ou entidades usuarias do pavillón non poderán deixar material deportivo no pavillón cando non o utilicen pois non se dispón dun espazo delimitado para dito fin ou vixiado para gardalo.

Non se permitirá usar os vestuarios ata que a Deputación o autorice, previa solicitude do Servizo de Deportes do Concello da Coruña, tendo en conta a normativa Covid19.

#### **CUARTA.- Uso por parte da Deputación Provincial.**

A Deputación poderá facer uso das instalacións para as activades propias, coordinándose co concello, a cuxos efectos comunicarao cun preaviso de 15 días, salvo situación de urxencia ou forza maior .

#### **QUINTA.- Obrigas das partes.**

##### **1.- Obrigas do Concello:**

1.1.- Efectuar un uso responsable das instalacións, coidando destas e adoptando as medidas necesarias para que non se produzan danos nas mesmas e respondendo dos danos e perxuzos que ocasione a terceiros.

O Concello designará unha persoa responsable da apertura e do peche das portas de acceso ao recinto deportivo, de acender e apagar as luces da instalación e de vixiar a dita instalación, así como de controlar a manipulación dos elementos de uso imprescindible e que non se use e deteriore o material que o centro ten no espazo común.

1.2.- O Concello asumirá os gastos derivados de danos ocasionados con motivo da utilización polas actividades municipais e polas entidades, na instalación deportiva e nas instalacións anexas dentro do recinto do centro.

1.3.- O Concello realizará a limpeza **diaria** e desinfección da instalación, durante a súa utilización, de acordo cos protocolos sanitarios contra a COVID-19 mentres estean en vigor, e no seu caso vestuarios.

Ao remate das actividades realizarán unha limpeza a fondo da pista e espazos utilizados polas persoas usuarias, e no seu caso dos vestiarios.

1.4.- O Concello será o encargado de supervisar e controlar que as entidades cumpran o protocolo de uso deportivo (PROTOCOLO DE ACTUACIÓN PARA SOLICITUDES DE IDM EN PERÍODO COVID-19).

1.5.- O Concello da Coruña ten a obriga de dispoñer dun seguro de responsabilidade civil e garantir que todos os usuarios teñan seguro de accidentes.

1.6.- O Concello garantizará que as entradas e saídas ao pavillón se realizará directamente dende a rúa ás instalacións deportivas, sen acceder a ningunha outra estancia do centro.

1.7.- O Concello xestionará o pavillón nas mesmas condicións que teña establecidas o concello para as súas instalacións deportivas, comprometéndose o concello da Coruña a non recibir compensación económica alguma polas entidades deportivas que fagan uso do citado pavillón.

## **2.- Obrigas de Deputación:**

2.1.- Facerse cargo do mantemento das instalacións para un bo uso da mesma. Exceptúanse os danos ocasionados nas instalacións polo uso irresponsable ou inadecuado delas durante o seu uso para as actividades deportivas municipais, en cuxo caso responderá o concello.

2.2.- A Deputación aboará os gastos derivados do pago de impostos e do seguro das instalacións (continente e contido).

## **SEXTA.- Supervisión e inspección das instalacións por parte da Deputación.**

A Deputación, a través do Servizo de Arquitectura ou do Servizo de Patrimonio e Contratación, poderá realizar actuacións de supervisión do estado das instalacións en calquera momento, poñendo en coñecemento da persoa que designe o Concello como responsable da instalación con tres días de antelación e velando para non interferir no correcto desenvolvemento das actividades programadas.

## **SÉTIMA.- Duración e vixencia.**

O presente convenio extenderá a súa vixencia ata o día 30 de xuño de 2023, e poderá ser prorrogado por un ano máis mediante resolución da presidencia.

Non obstante a Deputación poderá deixar sen efectos o presente convenio, cun preaviso de 3 meses.

## **OITAVA.- Causas de resolución.**

Ademais da extinción polo transcurso do prazo de vixencia, serán causas de resolución do presente convenio o acordo unánime das partes asinantes e o incumprimento das obrigas e compromisos assumidos por cada unha das partes.

No caso de incumprimento, calquera das partes poderá notificar á parte incumpridora un requerimento, outorgándolle un prazo de quince días hábiles para que proceda a cumplir as obrigas e compromisos assumidos que se consideren incumplidos. Se no transcurso do prazo indicado persistira o incumprimento indicado, entenderase resolto o convenio, debendo indemnizarse pola parte incumpridora os danos e prexuízos causados.

#### **NOVENA.- Natureza xurídica.**

O presente convenio ten carácter administrativo, resultándolle de aplicación as disposicións contidas no Capítulo VI do Título preliminar da Lei 40/2015, de 1 de outubro, do Rexime xurídico do Sector público.

Corresponderalle aos órganos da Xurisdicción contencioso-administrativa resolver as controversias que poidan xurdir na aplicación, interpretación e efectos do presente convenio de cooperación.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado polo Pleno da Corporación en sesión celebrada o de 23 de xuño de 2022.

**O PRESIDENTE DA DEPUTACIONPROVINCIAL  
DA CORUÑA**

Asdo.: Valentín González Formoso

**A ALCALDESA PRESIDENTA DA CONCELLO DA  
CORUÑA**

Asdo.: Inés Rey García

**A Secretaria Xeral  
da Deputación Provincial da Coruña**

Asdo.: Amparo Taboada Gil